

UNHA AULA DO COLEXIO

I ACTO

(No escenario, aparece unha clase con alumnos e alumnas. Uns estarán sentados e outros de pé, armando un gran alboroto en espera de que chegue a mestra. Cando esta aparece, calan e póñense en pé case todos)

MESTRA: Bos días. Póñanse en pé os que estaban sentados e séntense os que estaban de pé! Séntense todos!

A ver...onte quedamos en que dúas por dúas son cinco...non?

ALUMNA: Señora mestra, pero...non eran sete?

OUTRA ALUMNA: Sete..si....van ser sete...ti, como sigas así, aínda has de repetir!

ALUMNA: Ti, o que tes é envexa porque eu sei a tabla e ti non!

(Botanse a lingua unha á outra)

ALUMNO: Aí están, discutindo coma sempre. Vaia dúas!!

ALUMNA: Dúas por dúas sempre foron oito. A que si señora mestra?

MESTRA: pois depende_____, depende de quen faga a conta. Para uns o resultado será un e para outros, outro.

Agora que estades todos atentos, vou aproveitar para facervos unhas preguntas, un exame oral. Vale?

A ver, ti,_____, dime dous pronomes.

ALUMNO: Quen? Eu?

MESTRA: Moi ben, si señor. Eses son dous pronomes. Moi ben_____

(A mestra ponse a anotar algo nun caderno e o alumno anterior aproveita para falar co do lado)

ALUMNO: Oes...díxome moi ben e aínda non respondín ao que me preguntou. A mestra non irá vella? Parece que se lle vai algo a cabeza...

MESTRA: Agora, ti_____, dime unha palabra que empecé por h

ALUMNA: Hoxe!!

MESTRA: Claro, hoxe. Non vai ser mañá!

ALUMNA: Perdoe, señora mestra, quería dicir que hoxe se escribe con h.

ALUMNO: Ala! Xa saíu a que todo o sabe! Serás resabida!

ALUMNA: Mestra, insultoume!

MESTRA: Silenzo, ides quedar os dous sen recreo!

ALUMNOS: Buaaaa...buaaaaa....(*choran os dous*)

MESTRA: Bueno, parece que sabedes os pronomes. _____ tamén sabe que hoxe se escribe con hache. Estou contenta, si señor! Moi ben A ver, _____ imos co inglés. Como se di neno en inglés?

ALUMNO: Dise “touro”.

MESTRA: Como dis home?

ALUMNO: Touro, dise touro

MESTRA: Como que “touro”? Dirase boy, non? Boy!

ALUMNO: Bueno...e que máis dá touro que boy? Son palabras paralelas!

MESTRA: Como que paralelas? Serán sinónimas!

ALUMNO: Iso, simónimas!

De súpeto, a mestra observa que hai unha alumna que está dando golpes coa cabeza contra a mesa)

MESTRA: Ehhhh...ti, _____ Que fas? Por que das golpes coa cabeza? Vas romper a mesa!!

ALUMNA:É que eu non entendo...

MESTRA: Que é o que non entendes?

ALUMNA: Pois que “todo xunto” se escriba separado e “Wseparado” todo xunto....

MESTRA: Deixa de pensar neso, _____, vaiche estoupar a cabeza.

Pensa noutra cousa, anda!

(Un alumno levanta a man)

ALUMNO: Mestra, mestra teño unha dúbida...

MESTRA: A ver logo se cha podo ampliar, _____ cal é esa dúbida?

ALUMNO: En castelán “ayer” escíbese con h?

MESTRA: Non, _____ non. Escíbese sen h.

ALUMNO: E “hoy”, leva h?

MESTRA: “Hoy”, si _____, hoy leva h.

ALUMNO: Pero logo...como pode cambiar tanto dun día para outro?

MESTRA: *(levando a man á fronte, desesperada)* Que tropa, señor, que tropa! Como hei facer para desasnalos?.

A ver, imos facer unhas actividades na pizarra. Ti, _____, sal ao encerado e escribe tres palabras graves.

ALUMNA: *(moi nervosa, no encerado)* Pero señora mestra...está vostede segura de que quere eso?

MESTRA: Claro! Escriba agora mesmo tres palabras graves!

ALUMNA: Tres palabras graves! E non me vai castigar?

MESTRA: Como te vou castigar? É máis, se as escribes ben, vouche poñer un seis.

ALUMNA: Un seis? Vaime poñer un seis por tres palabras graves? E se lle escribo sete ou oito vaime poñer un dez?

MESTRA: Veña, veña, deíxese de lérias e escriba.

(A alumna escribe as palabras “merda, cagar e puñeta” na pizarra, mentres a mestra permanece de costas ao encerado. Os demais alumno/as fan xestos de asombro e rinse polo baixo)

MESTRA: Pero...pero...que escribiu vostede?

ALUMNA: O que me mandou, tres palabras graves.

MESTRA: veña, séntese, ande. Ai meu Deus!! Pero será que non me entenden ou que eu non me explico ben?

(A mestra ponse a escribir no seu caderno e un alumno fala coa que saíra ao encerado,)

ALUMNO: A mestra non está ben, mándache escribir tres palabras graves e logo réñeche! E iso que as que escribiche non eran moi graves. Se chego a saír eu, quedo un mes sen recreo!!

MESTRA: Silenzo! Agora toca repasar o mapa. A ver, ti _____, ponte diante do mapa e sinala os puntos cardinais.

(O alumno ponse diante do mapa e fai movementos cos brazos en cruz, intentando situar os puntos cardinais)

MESTRA: E logo que fai vostede?

ALUMNO: Intento atopar os puntos cardinais pero perdín o norte.

MESTRA: Perdiche o norte? E como pensas atopalo?

(O alumno segue a dar voltas cos brazos en cruz, sen ser capaz de situar os puntos cardinais)

ALUMNO: vostede dixo que o brazo dereito se pon cara a onde sae o sol, así que xa está: leste, oeste, norte e sur. *(Sinala cos brazos, pero faino mal)*

MESTRA: Vamos a ver...vostede non sabe onde queda o seu pobo, ao norte sur, leste ou oeste? Onde está o seu pobo?

ALUMNO: O meu pobo está onde estivo sempre!!

II ACTO

(De súpeto, escoitanse uns golpes na porta. A mestra vai abrir. Entra unha señora moi alporizada. É a nai dun alumno)

NAI: Perdoe que interrumpa, señora mestra, pero é que teño que averiguar se é certo o que conta o meu fillo.

MESTRA: Non é unha maneira moi educada de entrar, pero bueno...teño curiosidade por saber que lle conta o seu fillo.

NAI: O meu _____, dime que lle fai vostede a el as preguntas máis

difíciles porque lle ten manía.

MESTRA: Pero, muller, iso non é verdade. Mire, precisamente agora estaballe preguntando ao alumnado. Quere vostede mesma comprobar as preguntas que lles fago?

NAI: Claro que quero. A iso vin.

MESTRA: Está ben (*diríxese ao fillo desa muller*) A ver _____, non te poñas nervoso e contesta: cantas son dúas e dúas?

ALUMNO: Non ves mamá? Xa empeza....

NAI: Muller, a pregunta tampouco é tan complicada.

MESTRA: Ademais, teño que comunicarlle que o seu fillo no último exame que fixemos, copiou. Copiou de _____

NAI: E como sabe vostede que copiou de _____ e non foi ao revés?

MESTRA: Porque, _____, na 3ª pregunta escribiu “esta non a sei” e o seu fillo puxo “eu tampouco”. Que lle parece? Convéncese vostede?.

Ademais, noutro exame que fixemos hai pouco, había unha pregunta que dicía: “Coñece vostede o nome dalgunha Comunidade Autónoma?” E sabe que respondeu o seu fillo? Quere que llo diga? (*A mestra amósase enfadada. A nai, asustada*) El respondeu “coñezo”, só contestou “coñezo”.

NAI: (*Dixíndose ao fillo*) Ai que vergoña! Que ridículo máis grande me estás facendo pasar!! Tes que fixarte máis!!

(*A mestra calma á nai e condúcea á porta*)

III ACTO

MESTRA: Bueno, xa pasou todo. Sigo preguntando. A ver, ti _____, que é un polígono?

ALUMNA: Pois creo que é un home que ten moitas mulleres. Se ten cinco chámase pentágono, se ten seis hexágono..... (*a mestra interrúmpea*)

MESTRA: Para, para! Mesturache todo! Un home que ten varias mulleres

chámase polígamo, dá igual que teña tres ou catro ou seis, chámase polígamo e listo! Eu pregunteiche que era un polígono!!

ALUMNA: Ahhhh, claro...xa sei... é un policía moi grande!!

MESTRA: Ande, ande, como a oia un policía...Imos cambiar de materia. Agora toca Relixión. A ver, ti, _____, recordas como morreu Xudas?
(O alumno dubida e outro alumno intenta axudarlle poñendo unha man na gorxa)

ALUMNO: Si, si. Xa sei, morreu de anxinas!

MESTRA: Bueno, non sei se rir ou chorar. A ver logo...algo máis fácil. Tamén de Relixión. Ti _____, xa sabes que Deus está en todas partes. Dime logo, cantos deuses hai?

ALUMNA: Pois....hai tres. Un na Terra, un no ceo e outro no mar!

MESTRA: Pero como vai haber tres deuses? Séntese, ande, séntese.

ALUMNO: Tiñas que haberlle dito que hai un!!!

ALUMNA: Si oh! Díxenlle que había tres e parecéronlle poucos!!

MESTRA: Estou segura que, _____ que sempre está moi atenta na clase, vai saber responder correctamente a esta pregunta: dígame o nome de dous animais polares.

ALUMNA: Esta si que é fácil! A osa maior e a osa menor!!

(A mestra fai xetos de desesperación)

MESTRA: A ver, _____, debe ser que estás nervosa para fallar esta pregunta tan fácil. Eu sei que ti eres unha das mellores alumnas da clase, traballadora e intelixente. Vouche formular outra pregunta máis fácil aínda que a anterior, que seguro que non fallas. A ver, dime que é un “paso de cebra”.

ALUMNA: Esta seina. Un paso de cebra é un sitio por onde pasan as cebras!!

(A mestra está a piques de desmaiarse)

MESTRA: A ver, ti, _____, a ti dánseche moi ben as matemáticas. Imos falar de *(a mestra vai escribindo na pizarra e o alumnado vai lendo ao*

mesmo tempo) “símbolos matemáticos” (Os alumnos len símbolos)

MESTRA: Non se di símbolos!! Dise símbolos, símbolos!!
(A mestra fai o símbolo da suma e da resta)

MESTRA: A ver, _____, dime que significa este símbolo.*(Sinala o da resta)*

ALUMNO: pois...pois...*(dubida)*

MESTRA: *(intentando axudarlle)* Significa res....

ALUMNO: Responde!!

MESTRA: Non, tes que responder ti!! a ver...*(axúdalle)* Significa res....

ALUMNO: Respirar!!

MESTRA: Eu son a que case non respira!! Resta!! significa resta!!
A ver, e este?*(sinala o signo da suma)* Que significa este?

ALUMNO: Ai, ese seino!! Que hai que rezar!

MESTRA: Si, ti vas ter que rezar moito para poder aprobar!! Este é o signo da suma!

ALUMNO: Pois a miña avoa, cando ve ese signo, santíguase ou reza....

MESTRA: Séntate anda. A ver que saia_____. Escribe no encerado a diferenza entre “ovíparo e vivíparo”

(A alumna pensa un pouquiño e logo escribe: son diferentes en que unha palabra leva ovi e outra vivi)

ALUMNA: Ve, señora mestra, esta soubena, eh!h!

MESTRA: A min vaime dar algo!! Séntate anda!! Non dades unha!!
Bueno, temos que relaxarnos. Sobre todo eu. Imos facer algo que sei que vos gusta.. Imos coa música! *(os alumnos aplauden moi contentos)* A ver, ti _____, tócame algo.

ALUMNO: *(Asombrado)* Como di?

MESTRA: Que me toques algo, oh!

(O alumno levántase moi despacio e moi tímidamente achégase á mestra e tócalle un brazo)

MESTRA: Si...que queres?

ALUMNO: Pois, tocarlle, como me mandou.

MESTRA: Pero home, que toques un instrumento, non a min!!

(O alumno comeza a tocar e a cantar. O resto, acompañano)

MESTRA: Bueno, depois desta preciosa actuación e para seguir con algo relaxante, imos falar do que vos gustaría ser cando sexades maiores. A ver, ti _____, A que che gustaría dedicarte cando sexas maior?

ALUMNO: Eu xa o teño claro. Vou ser fontaneiro. Vivirei, aquí ,en Camariñas e irei traballar á Coruña, a Lugo...ou máis lonxe aínda...

MESTRA: Que raro eres ti! O normal é que traballes onde vivas ou cerca.

ALUMNO: Non, eu quero vivir lonxe do traballo porque cando hai algunha avaría na casa dos meus avós que viven en *(Unha aldea preto)* o fontaneiro que vai, sempre lles cobra o desprazamento. Así que se me teño que desprazar a Coruña ou Lugo, vou cobrar moísimos!!!

MESTRA: Ben pensado, _____, ben pensado....Pero....non vai haber logo fontaneiros en Coruña ou Lugo? Por que te han chamar a ti?

ALUMNO: Non, tan bos coma min, non!

MESTRA: E ti, _____, que vas ser ti de maior?

ALUMNA: Eu vou ser carniceira, que as chuletas xa as sei facer!

MESTRA: Ai si? E logo, onde aprendiche?

ALUMNA: Aquí, na escola!

(Unha alumna levanta a man)

MESTRA: A ver, _____ dime.

ALUMNA: Eu vou ser mestra, coma vostede. Di o meu pai que teñen boa paga, que están sempre de vacacións e que o traballo non os mata!

MESTRA: Ahhh...eso di o teu pai ehhh...pois dislle da miña parte que aínda non me pagan moito para o traballiño que me dá desemburrarvos, que as vacacións fanme boa falta para a miña saúde mental e en canto ao traballo...bueno...imos deixalo....que matar non mata...pero fai enfermar!!

Bueno, por hoxe xa estivo ben. Vou formular a última pregunta.

_____, quen escribiu “El Quijote”?

ALUMNO: *(case chorando)* Eu non fun eh, eu non fun...

ALUMNO(Outro) : Mestra, se el di que non foi, non foi, eh!
_____nunca conta mentiras!! Non lle riña!

MESTRA: Ai...meu Deus....debo de estar soñando. Isto non pode estar pasando..._____, vaia chamar ao Sr. director, por favor.

(Un alumno/a levántase e vai chamar ao director)

IV ACTO

(Entra o director e tamén o alumno/a que o foi buscar. Este senta no seu sitio)

DIRECTOR: Que ocorre dona _____?

MESTRA: Ai señor director, grazas a Deus que chegou!! Mire eu non sei que lles pasa a estes nenos, non sei se estarán enmeigados ou algo...resulta que lle pregunto a _____ quen escribiu O Quijote e dime que el non foi e por riba, o seu amigo_____ di, que se di que non foi, pois que non foi, que el nunca minte!! Estarei volvéndome tola?? É que non sei que pensar! Ai meu Deus!! Mandeino chamar para ver se vostede me aclara o que está pasando aquí.*(Todo isto, a mestra vaino dicindo con moitos xestos de desesperación e case chorando)*

DIRECTOR: Mire, dona _____ eu tamén coñezo a _____ e sei que é un rapaz de moi boa familia. Se el di que non escribiu o libro ese, pois seguro que non foi! Non se preocupe, vou avisar á Garda Civil. Seguro que atrapan deseguida ao que escribiu o libro ese!!

(A mestra está tan alucinada que non reaciona. A súa cara é unha mestura de asombro, medo. Os ollos moi abertos...Senta nunha silla media espatarrada, a punto de desmaiarse)

(Entra un Garda Civil)

GARDA CIVIL: Xa estou aquí, señora mestra! Vin moi rápido, díxome o director que era moi urxente! Vostede non se preocupe, imos atrapar deseguida ao que escribiu ese libro. Todas as saídas están bloqueadas!!

(A mestra segue sen poder falar, o asombro é maior cada vez)
Vaise o Garda Civil e entra unha señora moi elegantemente vestida. É a inspectora)

INSPECTORA: Bos días. Son a inspectora de educación.*(A mestra levántase á presa)*. Viña realizar unha visita e atópome cun garda civil que saía moi apurado. Ocorre algo grave?

MESTRA: Ai, señora inspectora...menos mal que chegou vostede!! Estou desesperada. Pregunto quen escribiu “O Quijote”. Os alumno responden que eles non foron e o director decidiu chamar á garda civil para averiguar quen escribiu o libro!!

INSPECTORA: Vamos a ver, tenga usted paciencia.*(Diríxese aos alumnos)* Mirad niños, a lo mejor vuestra profesora no os ha explicado correctamente que “El Quijote” es un libro muy importante de la Literatura española. Es que claro, hay que explicar bien. Mira doña _____yo creo que a usted ya le está llegando la hora de jubilarse, ya tiene unos añitos y hay que dejar paso a las nuevas generaciones.Precisamente traigo aquí los papeles por si quiere usted acogerse a la jubilación anticipada, ya sabe que lo puede hacer y , desde luego, yo se lo aconsejo.

Ah, por cierto, niños, el famoso libro del que hablamos, “El Quijote” lo ha escrito la gran Rosalía de Castro.

MESTRA: Si, si traiga os papeis. Onde hai que firmar? Eu voume á miña casa descansar porque o ensino moito está cambiando....

FIN